

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 18 DE SETEMBRO DE 2023**

### **1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00038194H.**

Aprobación de actas das sesións anteriores.

Apróbanse as actas das sesións ordinaria de data 11 de setembro de 2023, e extraordinaria e urgente de data 15 de setembro de 2023.

### **2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00034839W.**

Licenza para substitución de carpinterías e modificación puntual de fachada en R.Quiroga Palacios, 69.

Concédesse licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado polo arquitecto Óscar Valcuende Rodríguez presentado o 10/04/2023, cun orzamento de execución material de 23.299,07 €, a substitución de carpinterías e modificación puntual de fachada no inmovible sito na rúa Quiroga Palacios.

### **3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00023664D.**

Licenza para proxecto básico modificado e de execucion construción edificio de vivendas en Travesía Santa Marta de Abaixo, 4.

Concédesse a PROMOCIONES PONTE BREA SL licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico modificado e de execución redactado polo arquitecto Miguel Abad Blanco de data de visado do 08/07/2022 e do 01/09/2022, cun orzamento de execución material de 232.000,00 €, a construción dun edificio de 3 vivendas, 1 local e rochos na parcela sita na travesía de Santa Marta de Abaixo,4 Santiago de Compostela.

### **4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00044170H.**

Licenza de obras para mellorar accesibilidade do edificio existente mediante incorporación de ascensor en R.Diego de Muros, 14-16.

Concédesse á comunidade de veciños Diego de Muros 14-16 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado polos arquitectos Oscar e Iván Andrés Quintela de data de visado do 23/01/2019 e documentación do 24/05/2023 visado o 03/04/2023, cun orzamento de execución material de 99.569,81 €, obras para mellorar a accesibilidade do edificio existente mediante a incorporación dun ascensor na rúa Diego de Muros 14-16 Santiago de Compostela.

### **5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00059797M.**

Licenza para a construción de vivenda familiar illada na rúa Morcego,10.

Concédesse licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría de data de visado do 07/12/2022 e documentación presentada o 13/07/2023, cun orzamento de execución material de 138.750,00 €, a construción de vivenda unifamiliar illada na rúa do Morcego, 10 Lugar de Outeiro Los Tilos Santiago de Compostela.

### **6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00043592S.**

Licenza para a demolición da edificación sita na Rúa Outeiro de Sar, 16.

Concédesse licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e

conforme o proxecto técnico redactado polo arquitecto Eugenio Torreira Pais de data de visado do 03/06/2022, cun orzamento de execución material de 1.750,00 €, a demolición da edificación sita na rúa Outerio de Sar, 16 Santiago de Compostela ( A Coruña).

**7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00012192Y.**

Adxudicación do contrato que ten por obxecto a dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das actuacións de mellora de eficiencia enerxética do alumeadado público exterior do Concello de Santiago de Compostela. ]

Acórdase:

Primeiro: Excluir do procedemento de licitación a empresa LETTER INGENIEROS, S.L ao non acadar o limiar mínimo do 50% da puntuación total, tal e como se establece na cláusula 10.1 do PCAP.

Segundo: Adxudicar o contrato que ten por obxecto a Dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das actuacións de mellora de eficiencia enerxética do alumeadado público exterior do Concello de Santiago de Compostela, a Unión Temporal de Empresas, denominada SAWATCO IBERICA, SLU. - ATOMO ESTUDIO TECNICO, SL., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS Ley 18/1982, Unión Temporal de Empresas, en anagrama U.T.E. SAWATCO-ATOMO, por un importe total de 179.826,29 euros (Base imponible: 148.616,77 euros, IVE do 21%: 31.209,52 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Terceiro: Comprometer o gasto por importe de 179.826,29 euros con cargo á aplicación orzamentaria 020 16500 2270600, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2023: 94.408,80 €

Anualidade 2024: 85.417,49 €

**8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00028249D.**

Adxudicación do contrato das obras de “repavimentación da praza da Nosa Mercé de Conxo”.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicarlle, por ser a súa a mellor oferta, a FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL o contrato que ten por obxecto as Obras de “Repavimentación da Praza da Nosa Mercé de Conxo”, que presenta unha proposición económica de 111.522,00 € (base imponible 92.166,94 € máis IVE do 21% 19.355,06 €).

Ademais, FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL ofertou:

- Ampliación do prazo de garantía por riba do mínimo esixido: 5 anos
- Ampliación das medidas de control de calidade: 1%
- Ampliación das medidas de control de ambiental: 1%

Desígnase como responsable do contrato a Dirección Facultativa da obra consonte o establecido no artigo 62.2 da LCSP. O seguimento deste contrato corresponde ao servizo de Obras e Proxectos, que asigna a este cometido á enxeñeira de camiños, canles e portos, Marta Lueiro Busto.

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 111.522,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 060 15321 6190005 (Código de proxecto: 2022 2 RLTOU 46 3).

**9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00030663P.**

Autorización da cancelación do aval (Seguro de Caución) en concepto de fianza definitiva, constituída pola empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES,

SA, *para responder do contrato de "execución das obras do modificado da reurbanización na Av. Raxoi (Fase II)", CON/109/2012.*

Autorízase a cancelación do aval (Seguro de Caución) en concepto de fianza definitiva por importe de 352,97 euros, constituída pola empresa, EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA, *para responder do contrato de "Execución das obras do modificado da reurbanización na Av. Raxoi (Fase II)", CON/109/2012".*

**10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00030656R.**

Autorización da cancelación do aval (Seguro de Caución) en concepto de fianza definitiva, constituída pola empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA, *para responder do contrato de "execución das obras de reurbanización na Av. Raxoi (Fase II)", CON/109/2012".*

Autorízase a cancelación do aval (Seguro de Caución) en concepto de fianza definitiva por importe de 4.569,07 euros, constituída pola empresa, EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA, *para responder do contrato de "Execución das obras de reurbanización na Av. Raxoi (Fase II)", CON/109/2012".*

**11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00032066P.**

Autorización da cancelación do aval (Seguro de Caución) en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA, *para responder do contrato de "execución das obras do modificado de mellora de mobilidade e accesibilidade no barrio de Vista Alegre (Fase II: ámbito zona III e túnel rúa de Noia)", CON/25/2014.*

Autorízase a cancelación do aval (Seguro de Caución) en concepto de fianza definitiva, por importe de 3.243,94 euros, constituída pola empresa, EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA, *para responder do contrato de "Execución das obras do modificado de mellora de mobilidade e accesibilidade no barrio de Vista Alegre (Fase II: ámbito zona III e túnel rúa de Noia)", CON/25/2014".*

**12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00032062G.**

Autorización da cancelación do aval (Seguro de Caución) en concepto de fianza definitiva, constituída pola empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA, *para responder do contrato de "execución das obras de mellora de mobilidade e accesibilidade no barrio de Vista Alegre (Fase II: ámbito zona III e túnel rúa de Noia)", CON/25/2014.*

Autorízase a cancelación do aval (Seguro de Caución) en concepto de fianza definitiva por importe de 34.409,36 euros, constituída pola empresa, EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA, *para responder do contrato de "Execución das obras de mellora de mobilidade e accesibilidade no barrio de Vista Alegre (Fase II: ámbito zona III e túnel rúa de Noia)", CON/25/2014"*

**13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00032998C.**

Autorización da cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL, *para responder do contrato de "execución das obras de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre (Fase III)".*

Autorízase a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa, Construcciones Iglesias Mera SL, por importe de 12.958,89 euros para responder do contrato de "Execución das obras de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre (Fase III)", CON/56/2015".

**14. SERVIZOS BÁSICOS.** Referencia: **F/2023/3278 en concepto de gastos polo canon de conservación e mantemento do Cemiterio Municipal de Boisaca no mes de maio de 2023.**

Convalidación omisión da función interventora e recoñecemento de débeda coa empresa “Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L.” en concepto de canon polo servizo de conservación e mantemento do Cemiterio Municipal de Boisaca no mes de maio de 2023. |

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de conservación e mantemento do Cemiterio Municipal de Boisaca correspondente ao mes de maio de 2023, por importe de 11.797,50 euros.
2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de once mil setecentos noventa e sete euros con cincuenta céntimos (11.797,50) a favor de “Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L.”, imputándose á aplicación orzamentaria 2022/020/16400/2270000 do orzamento vixente.

**15. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ.** Referencia: **informe omisión factura 2023/3013.**

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda facturación emitida por Talleres Electrotécnicos de Pontevedra S.C. (TAE LPO), en concepto servizo radiocomunicacións trunking Concello de Santiago maio 2023. |

Acórdase:

- Primeiro: Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.  
Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga de liquidación do gasto por importe de MIL SEISCENTOS TRINTA E OITO EUROS CON TRES CÉNTIMOS D EURO (1638,03 euros), segundo relación contable relativa á factura F/2023/3013 expedida por Talleres Electrotécnicos de Pontevedra S.C. (TAE LPO)- por importe total de 1638,03 euros en concepto servizo radiocomunicacións trunking Concello de Santiago maio 2023.  
Terceiro: Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo

**16. EDUCACIÓN.** Referencia: **2023/00036119J.**

Validación omisión da función interventora e recoñecemento de débeda a favor da entidade mercantil Servicios Centros Públicos Santiago de Compostela UTE, correspondente ás facturas F/2023/2957 en concepto de “canon por presentación do servizo, de conserxaría, limpeza e control das instalacións dos CEIPs dependentes do Concello de Santiago de Compostela, correspondente a maio 2023”. |

Acórdase:

- Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.  
Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de oitenta e seis mil dezasete euros con doce céntimos de euro (86.017,12 €) a favor da entidade mercantil SERVICIOS CENTROS PÚBLICOS SANTIAGO DE COMPOSTELA UTE (U86729720) e correspondente ás facturas F/2023/2957 en concepto de “Canon por presentación do servizo, de conserxaría, limpeza e control das instalacións dos CEIPs dependentes do Concello de Santiago de Compostela. Correspondente a maio 2023”.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**17. OBRAS E PROXECTOS.** Referencia: **2021/00052457Y.**

Autorización para a recepción das obras de "mellora da accesibilidade do Concello de Santiago 2021" reservado a centros especiais de emprego e empresas de inserción social.

Acórdase autorizar a arquitecta municipal D<sup>a</sup> TERESA VÁZQUEZ HERNÁNDEZ para proceder á extensión formal da acta de recepción definitiva das obras de "Mellora da accesibilidade do Concello de Santiago 2021" reservado a centros especiais de emprego e empresas de inserción social adxudicadas a PROPERDIS, EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL, SLU, cun orzamento de adxudicación de 218.006,90 € (21% IVE engadido) asinando o contrato de obras o 18/08/2022.

**18. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA.** Referencia: **2023/00032857V.**

Aprobación da convocatoria de subvencións á rehabilitación ao abeiro do PEV 2018\_2021, correspondentes á fase 4 da ARRU do barrio de Vite do Concello de Santiago de Compostela.

Acórdase:

1 Aprobación da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rexeneración e renovación urbana do ámbito do barrio de Vite do Concello de Santiago de Compostela en desenvolvemento do acordo de data 1 de decembro de 2021 da Comisión bilateral de seguimento dos convenios de colaboración subscritos entre a comunidade autónoma de Galicia e o ministerio de fomento para a execución do plan estatal de vivenda 2018-2021.

2 Aprobación do gasto correspondente á convocatoria recollida no punto anterior por un importe de 672.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 050 15220 7800002/2022 de acordo ao proxecto de gasto con financiamento afectado: 2022 2 AVITE 4.

**19. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA.** Referencia: **2023/00032829N.**

Aprobación da convocatoria de subvencións á rehabilitación ao abeiro do PEV 2018\_2021 correspondentes á fase 18 do ARRU do Casco Histórico do Concello de Santiago de Compostela.

Acórdase:

1 Aprobación da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rexeneración e renovación urbana do ámbito do Casco Histórico do Concello de Santiago de Compostela en desenvolvemento do acordo de data 1 de decembro de 2021 da Comisión bilateral de seguimento dos convenios de colaboración subscritos entre a comunidade autónoma de Galicia e o ministerio de fomento para a execución do plan estatal de vivenda 2018-2021.

2 Aprobación do gasto correspondente á convocatoria recollida no punto anterior por un importe de 84.924,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2023 050 33600 7800001 de acordo ao proxecto de gasto con financiamento afectado: 2022 2 REHAB 18.

**20. PRESIDENCIA E TURISMO.** Referencia: **2023/00016750X.**

Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración asinado con data 13/09/2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Xunta de Confrarías de Semana Santa de Santiago de Compostela.

Acórdase:

Primeiro. Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración asinado con data 13/09/2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Xunta de Confrarías de Semana Santa de Santiago de Compostela, con documento oficial de identificación ESR15004411, para o desenvolvemento dun programa de actividades e promoción da Semana Santa durante o ano 2023, pola contía de tres mil euros (3.000 euros).

Segundo. Comprometer o gasto, por importe de 3.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 070 92501 4890001

**21. ASISTENCIA AO PLENO.** Referencia: **2023/00038194H.**

[Tomar coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellerías Delegadas.]

Tómase coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellerías Delegadas ditadas do 8 ao 14 de setembro de 2023.

**URXENCIAS**

**22. EDUCACIÓN.** Referencia: **2023/00037620L.**

[Nomeamento dos/as representantes municipais nos Consellos Escolares de centros sostidos con fondos públicos].

Designase aos Concelleiros/as como representantes municipais nos Consellos Escolares de centros sostidos cos fondos públicos.

**23. DEPORTES.** Referencia: **2023/00031290Z.**

[Revisión e actualización das tarifas dos servizos prestados pola empresa Xestión de Actividades Deportivas e Espectáculos S.L. Ano 2023].

Acórdase a revisión e actualización das tarifas dos servizos que a Sociedade mixta XADE presta nas instalacións do Multiusos Fontes do Sar e no Complexo Deportivo de Santa Isabel, conforme as táboas que se detallan a continuación e que coinciden co solicitado pola empresa, que serán de aplicación no ano 2023 desde o momento da súa aprobación:

Novas tarifas ano 2023 en aplicación do IPC (12,40%) IVE incluído
---

**MATRÍCULAS:**


Familiar	56,86 €
Outros	51,66 €

**ABONO MES:**

Familiar	55,87 €
Individual	45,56 €
Mañás	31,03 €
Junior	23,84 €
3ª idade	23,84 €
Fillo familiar	5,19 €

**COTA MANTEMENTO:**

Familiar	15,52 €
----------	---------



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

Outros	10,40 €
--------	---------

ENTRADA XERAL:	5,68 €
----------------	--------

**ENTRADA PISCINA  
VERÁN**

De 3 a 6 anos	2,59 €
De 7 a 16 anos	3,10 €
Adultos	4,70 €
3ª idade	2,59 €

**CURSIÑOS NATACIÓN:  
ABONADOS**

Adultos 2 días	21,31 €
Adultos 1 día	10,55 €
Nenos 2 días	15,10 €
Nenos 1 día	7,55 €

**NON ABONADOS**

Adultos 1 día	42,61 €
Nenos 1 día	30,37 €

**ALUGUERES**

Rúa da piscina	31,03 €
Multiusos	11.443,96 €
Hall	2.380,74 €
Día de montaxe	3.819,85 €